

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE DECEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A., polo que se instrumenta a integración desta empresa na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol por importe de sesenta mil euros (60.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de encomenda de xestión entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda, para a fabricación e entrega de tarxetas de tacógrafo dixital e tarxetas de cualificación de condutores, por importe de douscentos oitenta e catro mil oitocentos corenta e tres euros (284.843,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de prórroga para o ano 2025 do convenio de colaboración entre a entón Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a atención de menores no centro Ciudad Infantil Príncipe Felipe, en Pontevedra. Importe total: un millón catrocentos setenta mil seiscentos trinta e seis euros (1.470.636,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos na normativa de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade de casas do maior, en réxime de concorrência non competitiva, para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: setecentos setenta e nove mil setecentos euros (779.700,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela, para a aplicación da gratuidade da atención educativa na escola infantil 0-3 Breogán, de titularidade desta última. Importe: douscentos cincuenta e oito mil euros (258.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico unha planta de conversión de madeira en carbón vexetal, en Dumbría (A Coruña), promovido por Xallas Electricidad y Aleaciones, S.A.U

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario, da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia, por un valor estimado de quince millóns cincocentos oitenta e seis mil trescentos doce euros con setenta e catro céntimos (15.586.312,74€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Proxecto sectorial PS-6, área de usos complementarios do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo (proxecto de urbanización), cun orzamento base de licitación de catro millóns oitocentos sesenta e catro mil oitocentos un euros con oitenta e tres céntimos (4.864.801,83€) e un valor estimado de catro millóns vinte mil catrocentos noventa e sete euros con trinta e oito céntimos (4.020.497,38€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Poio para a humanización da estrada autonómica PO-308 ao seu paso polo Concello de Poio. 1ª fase, por importe total dun millón setecentos trinta e catro mil novecentos trinta euros con trinta e dous céntimos (1.734.930,32 €). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 24 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos no cuarteirón 1 do Plan parcial-sector PP-1-R do Bertón, rúa As Constituíntes, Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación de seis millóns seiscentos trinta e cinco mil seiscentos sesenta e dous euros con vinte e seis céntimos (6.635.662,26 €), IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns trinta e dous mil catrocentos vinte euros con vinte e catro céntimos (6.032.420,24 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de ecógrafos con destino a diversos servizos do Hospital Novo Montecelo, por un importe total de cinco millóns vinte e tres mil trescentos quince euros (5.023.315,00 €) IVE incluído, e un valor estimado de catro millóns cento cincuenta e un mil cincocentos euros (4.151.500,00 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Fundación Santa María La Real para a implantación en Galicia do Programa Hubs de activación da empregabilidade: segundo e terceiro hub, por importe total de cento dous mil oitocentos dous euros (102.802,00 €), así como a concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o encargo a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., SME, MP (Tragsatec) para a realización dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2025, por un importe total de nove millóns cincocentos catro mil cincocentos trinta e tres euros con setenta e cinco céntimos (9.504.533,75 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural a eximir os beneficiarios da obriga de constituíren garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2025-2026, cando o seu importe sexa superior aos dezaioito mil euros (18.000 €), para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a adquirir compromisos de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Tramitación anticipada de gasto. Importe total dous millóns douscentos oitenta mil euros (2.280.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón do pagamento do 90% do saldo das axudas directas da política agraria común (PAC) e do 100% das axudas a zonas con limitacións anuais, neste ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Novas ferramentas para detectar a alga invasora *Rugulopteryx okamurae* mediante ADN ambiental. Algasdet, para o período 2025-2027, por importe de douscentos tres mil douscentos vinte euros (203.220,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe das propostas de zonas de inundación controlada de Galicia para protexer áreas de risco e reforzar a resposta ante choivas intensas.
- Informe sobre as axudas en materia de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as medidas impulsadas polo Igape para a profesionalización e capacitación do capital humano e os equipos directivos das empresas galegas de cara ao fomento da mellora da competitividade do tecido empresarial.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o balance das actividades comunitarias en atención primaria.
- Informe sobre o impacto da integración dos pacientes asegurados en Muface no Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as obras de reforma do edificio da xefatura comarcal da Consellería do Mar en Ribeira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DA INTEGRACIÓN DOS SERVIZOS DE RENFE NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL, CUN INVESTIMENTO DE 60.000 EUROS NOS VINDEIROS CATRO ANOS

- O Goberno galego, mediante o convenio aprobado hoxe, garante as bonificacións nas viaxes en ferrocarril Feve integradas no transporte metropolitano da área ferrolá
- Con esta colaboración impúlsase a multimodalidade, combinando os servizos no transporte ferroviario e no autobús metropolitano
- As persoas usuarias da tarxeta metropolitana TMG seguirán beneficiándose das bonificacións nos billetes, os transbordos e dos descontos a usuarios recorrentes e familias numerosas
- O acordo con Renfe facilita tamén as viaxes gratuítas a menores de 21 anos nestes servizos coa tarxeta Xente Nova e a maiores de 65 coa tarifa +65

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da renovación da colaboración que dá continuidade á integración dos servizos de Renfe na área de transporte metropolitano de Ferrol, cun investimento da Xunta de 60.000 euros nos vindeiros catro anos.

A colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Renfe Viaxeiros Sociedade Mercantil Estatal, S.A., instrumenta a integración desta empresa na Área de Transporte Metropolitano (ATM) de Ferrol. A presente prórroga entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e manterá a súa vixencia durante catro anos, no período 2025-2028.

Na ATM de Ferrol, da que forman parte 11 concellos -Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Miño e Valdoviño-, os servizos ferroviarios presentan coincidencias cos servizos de transporte por estrada, tanto en prezo como en volume de persoas usuarias desprazadas, á vez que contribúen ao desconxestionamento dos núcleos urbanos.

O obxectivo do convenio aprobado hoxe é garantir a continuidade deste plan en condicións similares ás que se aplican no anterior convenio de 2020, tal e como se acordou a finais do mes pasado na reunión da comisión de seguimento da ATM de Ferrol.

O convenio incorpora tamén as previsións de bonificación tarifaria prevista no acordo formalizado entre as administracións que integran a ATM de Ferrol, así como as bonificacións de que dispoñen os menores de 21 anos nestes servizos coa tarxeta Xente Nova e os maiores de 65 anos coa tarifa +65, que lles permite, en ambos os casos, realizar ata 60 viaxes mensuais gratuítas financiadas directa e integramente pola Xunta.

Deste xeito, continúaase ademais coa política de descontos nas tarifas aos usuarios que efectúen o pagamento coa tarxeta de transporte de Galicia (TMG), mantendo a Xunta a bonificación do 80% no traxecto principal, e financiando o 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e familias numerosas, ata o 50%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta colaboración entre o Goberno galego e Renfe Viaxeiros impúlsase a multimodalidade, facilitando a combinación dos servizos ferroviarios e de autobús metropolitano, e refórzase a promoción do transporte público colectivo na área de Ferrol.

A Administración autonómica continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que axuda a reducir o tráfico e a contaminación e, ao mesmo tempo, conséguense importantes aforros económicos para as familias grazas ás bonificacións e favorécese a integración laboral e social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONVENIO COA FÁBRICA NACIONAL DE MOEDA E TIMBRE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE TARXETAS DE TACÓGRAFO DIXITAL E DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DOS CONDUTORES

- O Goberno galego realizará unha achega económica anual de case 285.000 euros para financiar a fabricación e a entrega destes dispositivos para 2025
- A Xunta facilitaralle ao organismo nacional a información que debe conter a memoria das tarxetas respecto das empresas, talleres ou condutores
- O obxectivo é ofrecer un mecanismo áxil ao sector do transporte para a expedición de documentación esencial para o desenvolvemento da súa actividade, e con validez en toda Europa
- O certificado de aptitude profesional acredita que un condutor superou un período de formación e os exames correspondentes

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para a subministración de tarxetas de tacógrafo dixital e do certificado de aptitude profesional (CAP), de cualificación de condutores para 2025. Así, o prazo de vixencia do acordo abarcaba de xaneiro de 2021 a decembro de 2024 pero coa posibilidade de prórroga por catro anos adicionais, polo que se acordou estender os seus efectos ao vindeiro exercicio.

A Xunta realizará unha achega económica anual de case 285.000 euros para financiar a fabricación e a entrega destes dispositivos. No marco desta colaboración, o Goberno galego facilítalle ao citado organismo nacional a información que debe conter a memoria das tarxetas respecto das empresas, talleres, controladores e condutores afectados. Pola súa parte, a FNMT encargárase da súa fabricación e personalización, así como de distribuíla directamente ás persoas interesadas.

Esta prórroga dá continuidade á liña de colaboración que veñen mantendo a Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre mediante o convenio de encomenda de xestión asinado en decembro de 2020.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana puxo á disposición das comunidades autónomas unha aplicación informática, interconectada coa rede da Unión Europea *Tachonet*, que centraliza todas as peticións de obtención de tarxetas de tacógrafo en España.

Esta aplicación facilita a xestión da emisión das tarxetas de tacógrafo, esenciais para o desenvolvemento das actividades de transporte por estrada, tanto de mercadorías como de viaxeiros, facilitando o seguimento das tarxetas emitidas, válidas en toda Europa, así como a encarga da súa fabricación personalizada á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, que é a entidade autorizada en España para esta produción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto coas tarxetas de tacógrafo dixital, as tarxetas CAP tamén contribúen a profesionalizar o sector ao exixir unha formación obrigatoria previa ao inicio da actividade para aqueles que queiran desenvolver a profesión de condutor profesional. Unha vez superada a formación e os exames correspondentes, permitirá a obtención do certificado de aptitude profesional (CAP) expedido polos órganos autonómicos competentes para o outorgamento de autorizacións para realizar o transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada. Esta formación, así como as correspondentes tarxetas, debe ser renovada cada cinco anos, o que garante que os profesionais do sector se adapten de forma constante á evolución desta actividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRORROGADO ATA SETEMBRO DE 2025 O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO FOGAR INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE

O importe deste acordo é de 1,4 M€ e permite dar continuidade a este servizo de acollemento residencial e de atención diúrna

O Consello da Xunta deu luz verde a prorrogar ata setembro de 2025 o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Pontevedra para a atención a nenas, nenos e adolescentes no centro Fogar Infantil Príncipe Felipe. O importe deste acordo é de 1,4 millóns de euros e permite dar continuidade a este servizo de acollemento residencial e de atención diúrna.

A Xunta leva desde os anos 90 colaborando coa Deputación de Pontevedra no sostemento deste centro de protección da infancia e da adolescencia. Neste equipamento a Xunta conta con 89 prazas, das cales 65 son de acollemento residencial e 24 de centro de día.

Ademais da rede autonómica de centros de atención, a Xunta pon á disposición dos menores máis vulnerables unha serie de programas para axudalos a superar a súa situación e para que se desenvolvan de maneira satisfactoria. Entre outros, os principais son: o Mentor, para a inserción sociolaboral, o programa de tránsito á vida adulta, o de integración familiar e o programa socioeducativo de ocio e tempo libre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 780.000 EUROS PARA MANTER UNHA VINTENA DE CASAS DO MAIOR CREADAS O ANO PASADO

- O obxectivo é garantir que máis dun cento de persoas maiores sigan tendo acceso a unha atención individualizada na súa contorna e totalmente gratuíta
- A nosa comunidade conta hoxe con 123 recursos deste tipo en funcionamento, aos que se sumarán proximamente outros 20 novos

O Goberno galego destina 780.000 euros para a continuidade e o mantemento durante o vindeiro ano das casas do maior que están en funcionamento desde o ano 2023, un total de 21. O Consello da Xunta desta mañá autorizou a convocatoria destas axudas co obxectivo de garantir que máis dun cento de persoas maiores sigan tendo acceso a unha atención individualizada na súa contorna e totalmente gratuíta.

En concreto, nove destas casas do maior que se poden acoller a esta orde de subvencións están en concellos da provincia de Ourense —Arnoia, Baltar (2), Maside, Parada de Sil, Punxín, Riós, A Teixeira e Vilariño de Conso—, 8 sitúanse en municipios coruñeses —Boqueixón, Cariño (2), Carnota, Mazaricos, Mesía, Moeche e Muxía—, outras tres emprázanse en localidades da provincia de Pontevedra —Arbo, Moraña e Rodeiro— e unha está na de Lugo —Antas de Ulla—.

As casas do maior que se acollan a esta liña de achegas recibirán 24.800 euros ao ano para apoiar a súa actividade, aboándose ata o 80% por anticipado; 10 euros por usuario e día para gastos de desprazamento para aqueles recursos que asuman este servizo e nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa encargada aboarase un complemento de 150 euros semanais durante o período que dure dita baixa.

Na actualidade, a rede de casas do maior conta con 123 recursos en funcionamento por toda a xeografía galega, aos que se sumarán entre este mes e principios do vindeiro ano outros 20 novos. Estes servizos ofrecen atención diúrna de luns a venres un máximo de oito horas e durante once meses ao ano en grupos reducidos de ata cinco usuarios, o que favorece un ambiente familiar. Os coidados prestados comprenden a manutención, a hixiene e o desenvolvemento de actividades de lecer e cognitivas.

Benestar das familias e dos usuarios

A Xunta seguirá apostando por este servizo de proximidade posto en marcha no ano 2018 que favorece o benestar dos coidadores familiares, ao diminuír a carga dos coidados; así como que as persoas maiores permanezan na súa contorna. As casas do maior tamén promoven a dinamización da economía local e contribúen a fixar e a atraer poboación nos concellos rurais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 258.000 € O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A GRATUIDADE DA SÚA ESCOLA INFANTIL

- Auméntase o montante do acordo en 33.000 euros con respecto ao anterior debido á suba do número de nenos matriculados no centro
- Desde o curso pasado, o centro está aberto a todas as familias en xeral, deixando de ser un servizo limitado a aquelas que tiveron ou teñen relación laboral coa universidade compostelá

A Xunta incrementa ata os 258.000 euros o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar a gratuidade da escola infantil Breogán durante este curso. Esta contía supón 33.000 euros máis con respecto ao anterior curso e débese ao aumento do número de nenos matriculados.

O Consello autorizou hoxe a renovación deste acordo, que xa é o cuarto que se asina coa USC con esta finalidade. Ademais, desde o curso pasado o centro está aberto a todas as familias en xeral, deixando de ser un servizo limitado a aquelas que tiveron ou teñen relación laboral coa universidade compostelá.

A escola infantil Breogán conta este curso 2024/25 con 95 prazas e sete unidades autorizadas, 16 prazas e unha unidade máis que o anterior. Ao igual que o resto de centros de 0 a 3 anos de Galicia —sexan de titularidade pública, de iniciativa social ou privados— ofrece atención educativa gratuíta un máximo de oito horas diarias durante once meses ao ano.

A Xunta foi pioneira na implantación da gratuidade no primeiro ciclo de Educación Infantil, situando Galicia como un referente en España. A Administración autonómica destina ao ano 65 millóns de euros de fondos propios a esta medida, que converteu a nosa comunidade en líder en escolarización na etapa educativa de 0 a 3 anos e que permite ás familias aforrar 3.000 euros por curso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO A NOVA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE CARBÓN VEXETAL IMPULSADA POR XEAL EN DUMBRÍA

- A iniciativa supón un investimento de 21,6 M€ e a creación de 15 empregos directos e outros tantos indirectos, ademais de contribuír á descarbonización do proceso produtivo da planta de fabricación de ferrosilicio, ao permitir a substitución de 15.000 toneladas anuais de carbón mineral
- Trátase do décimo primeiro proxecto industrial declarado estratéxico que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de máis de 2.300M€ e máis de 4.100 empregos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como proxecto industrial estratéxico da planta de fabricación de carbón vexetal promovido por Xallas Electricidad y Alegaciones, S.L.U. (Xeal) no municipio coruñés de Dumbría. Esta iniciativa permitirá a creación de 15 postos de traballo directos e 15 indirectos e contará cun investimento de 21,6 millóns de euros.

O proxecto permitirá avanzar na descarbonización dos procesos produtivos da planta de fabricación de ferrosilicio situada nesta localidade da comarca de Fisterra, xa que posibilitará a substitución de 15.000 toneladas anuais de carbón mineral, que é unha das materias primas necesarias xunto ao cuarzo, coque, madeira, fundentes e proporcionador de ferro, por carbón vexetal a partir dun proceso de redución da madeira.

Para poder levar a cabo esta transformación, a empresa promotora desta iniciativa levantará unha nave para o almacenamento da madeira, dispoñerá dunha planta de troceado, instalará catro secadeiros estáticos que funcionarán mediante un sistema de quecemento da auga aproveitando a calor residual dos fornos de ferrosilicio. E unha vez que a madeira acade os valores de humidade requiridos, pasará a un dos 14 fornos de produción de carbón cos que vai contar a nova planta, que disporán dunha capacidade nominal de 1.000 toneladas anuais. Logo do proceso de conversión, o carbón vexetal resultante será arrefriado antes do seu envío aos silos de materias primas, onde se incorporará ao proceso de fabricación de ferroalixes.

A planta de produción de carbón vexetal de Dumbría prevé a instalación dun novo centro de transformación mentres que aproveitará a acometida eléctrica e a rede de baixa tensión con que contan as instalacións para a produción de ferroalixes. E, en canto á subministración de auga, realizarase desde a rede que abastece as instalacións actuais.

A empresa Xallas Electricidad y Aleaciones, S.A.U. dedícase desde 1992 á produción e distribución de ferroalixes en forno eléctrico, así como á produción de enerxía hidroeléctrica a través da explotación de 10 centrais en réxime concesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xeal conta con dúas plantas de explotación, unha en Cee e outra en Dumbría, onde se vai situar a nova planta de fabricación de carbón vexetal. A capacidade de produción é de 189.000 toneladas anuais de ferrosilicio, máis de 17.000 toneladas de microsílíce e 7.000 toneladas de pasta.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía do Goberno galego de axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, de creación de emprego. Ademais, o proxecto incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro.

A planta de produción de carbón vexetal cumpre cos requisitos para ser declarada proxecto industrial estratéxico. Cómpre salientar que os ditos requisitos se modificaron a comezos deste ano co fin de facilitar, aínda máis, o asentamento de novas industrias na Comunidade galega, de maneira que aqueles proxectos cuxo importe supere os 2 millóns de euros e promova a creación de 25 empregos, entre directos e indirectos, poden ser declarados proxectos industriais estratéxicos sempre que teñan unha repercusión salientable na industria galega.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico, así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo; á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro, promovida por Cobre San Rafael; á planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug, e ao proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center. Os 11 proxectos suman unha mobilización global de 2.313,6 millóns de euros e 4.155 empregos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN ACORDO MARCO PARA ACTUALIZAR O SOFTWARE DE SERVIDORES E ESCRITORIO

- Permitirá a necesaria renovación destas licenzas comerciais ante o constante cambio tecnolóxico e o incremento das funcionalidades das plataformas do sector público autonómico
- A Administración autonómica reduciu progresivamente o uso de licenzas comerciais e emprega o software libre no 77% dos postos de traballo e no 75% dos servidores

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo marco que permitirá a adquisición e actualización do software de servidor, backoffice e escritorio en diferentes organismos e entidades do sector público autonómico. A licitación deste acordo dará resposta ás necesidades derivadas do constante cambio tecnolóxico e ás melloras nas funcionalidades que afectan a todas as infraestruturas hardware e software do mercado.

O acordo marco permite establecer un importe de máximos, neste caso de ata 18,8 millóns de euros, que se poden executar en función das necesidades a través de contratos derivados, durante un prazo de tres anos. Esta fórmula ofrece unha maior flexibilidade e axilidade para poder adaptarse ao crecemento en infraestruturas e plataformas que require a evolución dos servizos e iniciativas dixitais da Administración autonómica.

A Xunta iniciou en 2015 a redución do uso de licenzas comerciais nos postos dos empregados públicos cunha migración progresiva a solucións ofimáticas baseadas en software libre, que actualmente empregan o 77% dos equipamentos. A presenza das licenzas comerciais límitase, por tanto, ao 23% dos postos de usuario restantes, que o precisan por razóns técnicas, e aos postos da Administración de xustiza por razóns de compatibilidade coas plataformas do Estado. Todo o parque informático do ámbito educativo, sanitario e das aulas e centros de formación para o emprego emprega Libre Office. En canto aos servidores, o 75% emprega sistemas operativos de software libre.

O Goberno galego vén optando desde hai máis dunha década polo software libre como unha solución en proxectos de relevancia en ámbitos como a educación, coa iniciativa Abalar; a formación pública dixital a través da Rede de CeMIT, e en iniciativas chave da Administración dixital, como o Arquivo electrónico ou o sistema de xestión da Rede de bibliotecas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ UN NOVO PULO AO DESENVOLVEMENTO DO CAMPUS DO MAR EN VIGO COA CONTRATACIÓN DA URBANIZACIÓN DA ÁREA DE USOS COMPLEMENTARIOS NA ETEA

- O Goberno galego autoriza a licitación por máis de 4,8M€ para a obra de urbanización do PS-6 como área de usos dotacionais, terciarios e residenciais do ámbito total do campus científico -tecnolóxico da cidade
- A Xunta licitará nos vindeiros días esta obra da urbanización dos 21.199 m² de superficie deste ámbito, situado entre as instalacións deportivas e a praza de Armas, que conta cun prazo de execución de 15 meses
- Neste ámbito construírse a residencia da terceira idade por parte da Fundación Amancio Ortega, para a súa posterior xestión pola Xunta de Galicia

O Consello da Xunta vén de acordar esta mañá a contratación das obras de urbanización da área correspondente ao proxecto sectorial PS-6, de usos complementarios nos terreos que ocupaba a antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada (ETEA), en Vigo.

Na licitación autorizada hoxe, por un importe de 4.864.801 euros, propónse a ordenación do PS-6 como área de usos dotacionais, terciarios e residenciais do ámbito total do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar da cidade. O ámbito do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus do Mar sitúase ao nordeste da cidade de Vigo, na parroquia de Teis, ocupando as antigas instalacións da ETEA, na marxe leste do monte da Guía, cunha superficie total de 115.050 m².

O investimento da intervención cubrirá a realización de toda a obra da urbanización do ámbito do PS-6, cunha superficie de 21.199 m², que se sitúa ao oeste da vía principal, entre as instalacións deportivas e a praza de Armas.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitarao nos vindeiros días. Os traballos contan cun prazo de execución de 15 meses.

Cómpre sinalar que neste ámbito construírse a residencia da terceira idade por parte da Fundación Amancio Ortega, para a súa posterior xestión pola Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACHEGA DE MÁIS DE 1,2 M€ PARA A HUMANIZACIÓN DO TREITO INICIAL DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-308 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE POIO

- O Executivo aproba o convenio co Concello por 1,7M€ para a mellora da mobilidade entre a Ponte da Barca e ata a intersección coa PO-310 e o seu treito inmediatamente posterior, de características moi urbanas e un volume de tráfico de 17.336 vehículos/día
- Crearase un espazo máis versátil e seguro reordenando os 480 metros do espazo público da vía, con delimitación clara do uso e funcións das distintas zonas, renovación do firme da calzada, pavimentación de beirarrúas, aparcadoiros e calzada cos carrís
- Disporanse zonas de carga e descarga e prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida; habilitaranse zonas axardinadas e mobiliario urbano, e acometeranse as canalizacións subterráneas para telefonía e electricidade
- A Xunta achegará máis de 1,2M€, o 70% do financiamento das actuacións, asumindo a Administración local o 30% restante do custo das obras, que tamén executará
- O Concello de Poio acepta tamén a transferencia do tramo inicial da PO-308 entre a ponte da Barca e a PO-310, entre o punto quilométrico 0 e o 0+320, así como de todo o dominio público viario asociado ata o final do treito obxecto das obras

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas co Concello de Poio para impulsar a primeira fase de humanización da estrada autonómica PO-308, cun orzamento global de máis de 1,7 millóns de euros.

O acordo suporá o acondicionamento e a humanización do treito inicial da PO-308, comprendido entre a ponte da Barca, no quilómetro 0, e o 0+480, é dicir, ata a intersección coa PO-310 e o seu treito inmediatamente posterior, para resolver completamente a devandita intersección.

O Concello de Poio remitiu á Xunta un estudo previo para a humanización da PO-308 no seu treito inicial, entre a ponte da Barca e Casa Solla, co complemento da construción dunha senda peonil no treito inicial da PO-531 entre a Barca e Bombeiros. Dada a magnitude da actuación e a complexidade da súa execución, a Axencia Galega de Infraestruturas considera axeitada a materialización desta actuación en fases.

Así, a través do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, executarase unha primeira fase de humanización da PO-308, nun treito inicial da PO-308 de características moi urbanas, que conta cun volume de tráfico moi elevado, 17.336 vehículos/día.

A finalidade última da Xunta nesta colaboración co Concello de Poio é satisfacer as necesidades de todos os usuarios desta vía, os condutores e os peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo inclúe unha serie de intervencións para a reordenación e optimización do espazo público da vía, 480 metros de lonxitude con delimitación clara do uso e funcións das distintas zonas: renovación do firme da calzada, pavimentación de beirarrúas, aparcadoiros e calzada cos carrís proxectados.

Tamén comprende a disposición de zonas de carga e descarga e prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, así como a humanización con zonas axardinadas e mobiliario urbano.

Na intervención inclúense, ademais, as canalizacións subterráneas para telefonía e electricidade, e a sinalización horizontal e vertical.

Compromisos

No que se refire aos compromisos establecidos no convenio, a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o 70% do financiamento destas actuacións, 1.214.451 euros.

Pola súa banda, o Concello de Poio achega o 30% restante, algo máis de 520.000 euros, redactará o proxecto para acometer e licitar esta actuación, e executará as obras.


Ademais, con este convenio a Administración local acepta a transferencia de todo o dominio público viario do tramo inicial da PO-308 entre a ponte da Barca e a PO-310, entre o punto quilométrico 0 e o 0+320, así como a transferencia de todo o dominio público viario asociado no treito de estrada PO-308 a partir do punto quilométrico 0+320 e ata o final do treito afectado pola execución das obras, salvo a calzada e as beiravías.

O Goberno galego continúa investindo no acondicionamento desta estrada PO-308. Así, nos últimos anos en Poio, executáronse sendas e melloras de seguridade viaria entre O Covelo e Raxó, xa rematadas; e en Combarro, que están en marcha., tamén co obxectivo posto na mobilidade sustentable e na seguridade viaria.

Tamén se levaron a cabo melloras e sendas nesta vía ao paso por Portonovo e A Lanzada e se humanizaron as travesías de Sanxenxo e Portonovo, en colaboración co Concello.

Ámbito de actuación na PO-308 e 1ª fase acordada hoxe no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DE 24 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO POLÍGONO DO BERTÓN, EN FERROL, POR UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,6 M€

- O Executivo autonómico autoriza a licitación dunha edificación de nova planta para estas novas vivendas, con 74 prazas de garaxe, 24 rochos e 3 locais, que se desenvolverá nunha das parcelas situada na rúa As Constituíntes
- O conxunto da nova edificación constará de dúas plantas de soto, planta baixa para soportais, 4 portais e tres plantas altas para uso de vivenda, 8 por planta
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas as obras, co obxectivo de telas rematadas en 2026
- O Goberno galego segue a avanzar na aposta pola vivenda de promoción pública neste barrio da cidade, que permite ter xa en marcha 363 novas vivendas en Ferrol
- A Xunta mantén o pulo na construción de VPP nas grandes cidades e a súa área de influencia, tendo xa en marcha máis de 1.600 vivendas e a 1ª fase da Estratexia de solo residencial para desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación das obras de construción de 24 vivendas de promoción pública (VPP) no Bertón, no concello de Ferrol, que suporán un investimento de máis de 6,6 M€.

Trátase de impulsar a construción dunha edificación de nova planta para dedicala a 24 vivendas de promoción pública, con 74 prazas de garaxe (1 delas accesible), 24 rochos e 3 locais, que se desenvolverá na parcela 1, rúa As Constituíntes.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

A parcela en que se situará esta nova edificación ten unha superficie de 1.348 m², con forma irregular e fronte principal duns 72 m cara á rúa As Constituíntes. Linda ao norte e ao leste coa rúa As Constituíntes, ao sur cunha vía peonil e ao oeste con predios privados. O ámbito está totalmente urbanizado e ten topografía practicamente plana na súa dimensión lonxitudinal.

O proxecto obxecto da licitación da obra autorizada hoxe ten como finalidade a construción dunha nova edificación que consta de dúas plantas de soto para 74 prazas de garaxe, 24 rochos e cuartos de instalacións; planta baixa para soportais, 4 portais, cuartos de instalacións e servizos, 3 locais comerciais e patio.

O edificio disporá de tres plantas altas para uso de vivenda, sumando 8 vivendas por planta. O acceso aos portais sitúase na fachada leste, desde a rúa As

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Constituíntes. A través de cada un dos catro portais accédese ás vivendas (2 por planta).

Neste conxunto está proxectado, ademais, que 1 vivenda e 1 praza de garaxe sexan adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

A Xunta de Galicia financia as obras nun 72,83 % con fondos propios, correspondendo o resto aos fondos da Unión Europea (Plan de recuperación, transformación e resiliencia). A Administración autonómica tamén financia con fondos propios a redacción de proxecto e o resto de traballos técnicos, preto de 207.000 euros, así como o custo da parcela en que se edifican, que foi urbanizada pola Xunta.

Este novo proxecto cumpre co Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

Ademais dos proxectos cofinanciados con fondos MRR, o Goberno galego está a traballar en vivendas financiadas exclusivamente con fondos da Comunidade Autónoma, así como na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e na compra de vivendas da Sareb.

A Xunta segue a avanzar na aposta pola vivenda de promoción pública neste barrio da cidade, que permite ter en marcha xa 363 novas vivendas en Ferrol, en distintas fases de desenvolvemento.

O Goberno galego mantén o impulso na construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e na súa área de influencia, tendo xa en marcha na comunidade máis de 1.600 vivendas de promoción pública, en distintas fases de tramitación e execución, co obxectivo de acadar as 8.000 nesta lexislatura. Isto, ao tempo que se desprega a primeira fase de execución da Estratexia galega de solo residencial, que prevé desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres.

Infografía:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 5 M€ NA ADQUISICIÓN DE ECÓGRAFOS DESTINADOS AO NOVO MONTECELO

- O Executivo galego continúa a dotar de equipamento os novos espazos da principal infraestrutura sanitaria da cidade de Pontevedra
- Distribuído en 13 lotes, o expediente inclúe a dotación de 66 ecógrafos para as diferentes especialidades médicas, así como equipamentos para a realización de ecoendoscopias dixestivas e ecobroncoscopias

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal, a contratación para a subministración dun total de 66 ecógrafos con destino aos diferentes servizos do Hospital Público Novo Montecelo de Pontevedra. O Executivo galego destinará un investimento de 5.023.315 euros á compra deste equipamento.

Distribuído en 13 lotes, o expediente inclúe a dotación de ecógrafos para a maior parte dos servizos médicos do hospital de referencia da cidade de Pontevedra.

Os equipamentos terán como destino os servizos de xinecoloxía e obstetricia, uroloxía, cardioloxía, radiodiagnóstico, aparello dixestivo, pediatría, traumatoloxía, anestesioloxía, UCI, reumatoloxía, urxencias, rehabilitación, pneumoloxía, medicina interna, nefroloxía, coidados paliativos, otorrinolaringoloxía e neuroloxía.

Ademais, tamén se adquire equipamento para a realización de ecoendoscopias dixestivas e ecobroncoscopias.

A ecografía é un procedemento de diagnóstico por imaxe que permite ver órganos e estruturas brandas dentro do corpo. Mediante este procedemento pódese visualizar calquera parte do corpo identificando con claridade a forma e o tamaño de cada estrutura do seu interior.

Por outra banda, este equipamentos ofrecen a posibilidade de estudar os distintos tecidos do corpo, como é o caso do fluxo sanguíneo de arterias e veas para detectar arteriosclerose e coágulos; analizar a glándula tiroide e outras estruturas brandas do pescozo; de tendóns, ligamentos, músculos e estruturas das articulacións; das glándulas mamarias ou para o estudo pelviano.

Ademais, actualmente as ecografías pódense combinar con outros procedementos como punción con agullas para biopsia, endoscopios ou outros equipamentos, dando lugar a imaxes de fusión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIARÁ AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 120 PERSOAS DE COLECTIVOS PRIORITARIOS A TRAVÉS DUN PROGRAMA CON FORMACIÓN AXUSTADA AO TECIDO PRODUTIVO

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinará un convenio coa Fundación Santa María la Real para desenvolver unha nova edición do programa Hubs de activación da empregabilidade, con dúas fases e seis lanzadeiras de emprego
- A iniciativa prolongarase ata novembro do vindeiro ano e terá un dos seus núcleos no Centro de Orientación ao Emprendemento da Coruña, ademais de en Pontevedra e no centro do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) de Redondela
- O obxectivo é activar persoal e profesionalmente os participantes, mellorando a súa empregabilidade con competencias transversais e coas habilidades máis demandadas no mercado laboral actual, incluídas as competencias verdes
- Dirixido a parados de longa duración, inmigrantes, mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas con discapacidade, ata un 51% das 80 persoas participantes na primeira edición deste programa obtiveron emprego por conta allea
- A Xunta aposta dun xeito pioneiro pola flexibilización da formación para o emprego cunha ampla batería de medidas para a cualificación e reciclaxe da poboación activa, cun foco especial en perfís estratéxicos ou infrarrepresentados no mercado laboral

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Santa María la Real para continuar impulsando a inserción laboral das persoas con máis dificultades de acceder a un traballo a través dunha nova edición do programa Hubs de activación da empregabilidade, con dúas fases que abranguerán medida ducia de lanzadeiras de emprego para beneficiar, en total, 120 persoas sen traballo.

O obxectivo do programa, que se prolongará ata novembro de 2025, é activar persoal e profesionalmente os participantes, mellorando a súa empregabilidade con competencias transversais e coas habilidades máis demandadas no mercado laboral -incluídas as competencias verdes-, ademais de reducir a fenda dixital.

A primeira fase da iniciativa desenvolverase ata abril de 2025 de maneira simultánea no Centro de Orientación ao Emprendemento, situado na Coruña e que abranguerá a lanzadeira Emprego Activa e a lanzadeira Despega, e no centro do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) de Redondela, coa lanzadeira de Emprego Nómade. En cada localidade participan 30 persoas.

En maio do vindeiro ano iniciarase a segunda fase, tamén con lanzadeiras simultáneas no Centro de Orientación ao Emprendemento e na localidade de Pontevedra, na que en total poderán participar outras 60 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, o programa está dirixido aos colectivos prioritarios para a Xunta de Galicia, como os parados de longa duración, persoas con baixa cualificación, inmigrantes, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, integrantes de fogares con todos os seus membros en desemprego ou familias monoparentais.

Durante os seis meses que duran as diferentes lanzadeiras, as persoas participantes obteñen unha guía en orientación laboral para actualizar a súa busca de emprego na contorna dixital, aprender a manexar os principais portais de traballo, optar a postos emerxentes no mercado laboral, mellorar o contacto con empresas e enfrontarse con éxito a unha entrevista de traballo. Ao mesmo tempo, fórmanse en habilidades dixitais e competencias verdes. As persoas interesadas en participar neste programa poden inscribirse neste formulario en liña: hubseempleabilidad.com/inscribete

A iniciativa está impulsada pola Fundación Santa María la Real e a Fundación Iberdrola España, co cofinanciamento do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a cargo do Programa estatal de inclusión social, garantía infantil e loita contra a pobreza e da Xunta de Galicia, que destina a ela preto de 103.000 euros.

Resultados da primeira edición do programa

Estas novas lanzadeiras darán continuidade ás tres da primeira edición do programa de activación de empregabilidade, desenvolvidas pola Fundación Santa María la Real coa colaboración do Goberno galego, en Santiago de Compostela e na Coruña entre marzo e setembro de 2024. Nelas participaron 80 persoas, que recibiron acompañamento ao longo de todo o proxecto en competencias dixitais e en competencias verdes, mediante sesións en liña e webinarios, entre outros. Desas persoas algo máis dun 51% obtivo un emprego por conta allea e un 7,5% comezou una formación regrada.

Potenciar as oportunidades laborais das persoas desempregadas

A medida forma parte da estratexia do Goberno galego para mellorar as oportunidades laborais das persoas desempregadas que buscan traballar, cun foco especial na retención e aproveitamento do talento de colectivos prioritarios ou infrarrepresentados no mercado laboral. Nesta liña, estase a implementar unha batería de medidas axustadas á realidade e necesidades do tecido produtivo, para o que é fundamental a potenciación do Servizo Público de Emprego de Galicia -a través de ferramentas como o software EMI, recoñecido pola Comisión Europea- co obxectivo de afinar as políticas activas de emprego.

Esta folla de ruta da Xunta apóiase nunha decidida aposta pola flexibilización da formación, cun foco especial nas accións destinadas á cualificación e reciclaxe da poboación activa. Neste ámbito, cómpre salientar o financiamento dos cursos para desempregados impartidos a través da rede de centros de formación propios, asociados e externos, ademais de, por exemplo, as innovadoras microformacións deseñadas e implementadas por nove clústeres de sectores estratéxicos -a ampliación desta iniciativa, avaliada a semana pasada polo Consello da Xunta, beneficiará máis de 17.000 persoas ocupadas ou desempregadas-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 12 M€ A PROGRAMAS DE SANIDADE E PRODUCCIÓN ANIMAL E ÁS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS DE GALICIA

- A Consellería do Medio Rural investirá no vindeiro ano 9,5 millóns de euros nos programas de vixilancia, control e erradicación de enfermidades animais para asegurar o alto estado sanitario das explotacións gandeiras galegas
- Estes fondos destinaranse ao desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se realizan baleiros sanitarios por confirmarse a existencia de animais enfermos, así como dos vehículos de transporte das reses
- A maiores, destinaranse 2,28 millóns de euros á convocatoria de achegas que subvencionarán os programas de planificación zoonosanitaria que desenvolvan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras entre o 1 de marzo de 2025 e o 28 de febreiro de 2026

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 9,5 millóns de euros ao longo do ano 2025 ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de manter a boa cualificación sanitaria das explotacións gandeiras da nosa comunidade.

Estes fondos destinaranse a sufragar o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia, control e erradicación de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se realicen baleiros sanitarios por confirmarse a existencia de animais enfermos, así como dos vehículos de transporte das reses. Ademais, inclúense outras actuacións complementarias, como os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias ou en materia de produción e benestar animal, e a Oficina Agraria Móbil.

O desenvolvemento destes programas nacionais ten como finalidade asegurar o mantemento do estado sanitario de Galicia, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, para así poder levar a cabo unha comercialización sen trabas dos animais e dos produtos de orixe animal. Neste senso, os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado e mesmo noutros países europeos, que revaloriza os nosos animais e os produtos alimentarios galegos de orixe animal, á vez que ofrece garantías á poboación e aos consumidores.

Axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras

A maiores, a Consellería do Medio Rural tamén destinará 2.280.000 euros o vindeiro ano ás axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). A achega destes fondos servirá para financiar o traballo que realizan estas entidades para desenvolver os programas facultativos de prevención e control de enfermidades animais, así como a súa participación na Rede galega de epidemiovixilancia de enfermidades animais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Consello do Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe a Consellería do Medio Rural a convocar estas axudas, que sairán proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e se concederán sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais bancarios polos anticipos que poidan solicitar. Os programas de planificación zoosanitaria que se subvencionarán coa vindeira orde de axudas inclúen aqueles que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2025 e o 28 de febreiro de 2026. Estes programas reforzan as condicións hixiénicas das explotacións e de benestar animal, elevan o seu nivel produtivo e sanitario e contribúen a acadar un mellor status sanitario para a cabana gandeira galega.

Obxectivos destas achegas

A finalidade última destas axudas é seguir mellorando o estado sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zoosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais. Ademais, no marco do mercado actual, resulta fundamental manter o devandito estado sanitario, desenvolvendo programas destinados ao control de determinadas doenzas, mellorando a rendibilidade e asegurando a comercialización de animais e dos produtos de orixe animal.

Así mesmo, cabe destacar que estas agrupacións tamén facilitan o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, ao benestar e á sanidade animal. Mediante estas achegas, preténdese avanzar na integración de gandeiros nestas entidades, establecendo axudas proporcionais ao esforzo económico que realizan estas agrupacións nos devanditos programas.

A maiores, no contexto do mantemento do nivel da sanidade animal, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa das ADSG, vinculada aos propios gandeiros. Así, entre as enfermidades con programa sanitario nas agrupacións atópanse a rinotraqueíte infecciosa bovina (IBR), a diarrea vírica bovina (BVD) ou a paratuberculose no gando bovino, ovino e cabrún. Tamén están incluídas a enfermidade de Aujeszky, no gando porcino; a salmonelose, nas explotacións aviares; ou a mixomatose e a enfermidade vírica hemorráxica, nos coellos.

Ademais, as ADSG poden executar as medidas adicionais en materia sanitaria que sexan necesarias nas explotacións a elas adheridas, segundo as condicións sanitarias da zona e as características particulares de cada agrupación, polo que poden colaborar na vixilancia de enfermidades como a lingua azul ou a enfermidade hemorráxica epizoótica ou na vacinación de lingua azul.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REALIZARÁ ESTA SEMANA O PAGAMENTO DO 90% DO SALDO DAS AXUDAS DIRECTAS DA PAC E TAMÉN DO 100% DAS ACHEGAS A ZONAS CON LIMITACIÓNS NATURAIS

- Rueda salienta a “axilidade” do Goberno autonómico en achegar esta financiación aos gandeiros e agricultores
- Serán preto de 100 M€ das axudas directas da PAC que non se aboaron no anticipo realizado xa na segunda quincena do mes de outubro
- A elas hai que sumar outros 17,3 M€ para zonas con limitacións naturais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai pagar “esta mesma semana” o 90% “das axudas directas da Política Agraria Común (PAC) que faltaban por ingresar” aos gandeiros e agricultores galegos. Trátase de 99,3 millóns de euros.

Este saldo corresponde ao resto das axudas directas da PAC que non se aboaron no anticipo realizado na segunda quincena do mes de outubro e inclúe tamén o 20% que faltaba por pagar naquelas liñas en que xa se anticipara unha parte da axuda. Tamén se vai realizar o pagamento do 100% das axudas a zonas con limitacións naturais (ZLN), é dicir, outros 17,3 millóns de euros. Polo tanto, estes pagamentos da PAC desta campaña en Galicia suporán un desembolso de preto de 117 millóns de euros, “que beneficiarán arredor de 23.000 agricultores e gandeiros”, segundo indicou o presidente.

Rueda salientou a “axilidade” da Xunta co pago “das axudas directas, que son as máis importantes da PAC” e lembrou que o resto de achegas se irán pagando progresivamente nos vindeiros meses.

Cómpre puntualizar que a regulamentación comunitaria establece que os pagamentos da PAC poden comezar a realizarse a partir do día 16 de outubro de cada ano. O prazo para proceder ao pagamento do resto das axudas directas da PAC a través do fondo agrario Feaga, o pagamento do saldo, comeza o día 1 de decembro de 2024, de maneira que todas as axudas deberán estar pagadas, como máis tarde, o 30 de xuño de 2025.

Galicia, segundo lembrou Rueda, “adiantou un mes” o pago da primeira parte das axudas directas ao pasado mes de outubro cando se ingresaron “43 millóns de euros”.

Neste sentido, hai que salientar que a PAC ofrece un firme apoio a agricultores e agricultoras tratando de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, a PAC proporciona estabilidade nos ingresos, seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario. Desta maneira, favorece o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto.

Nesta liña, a PAC define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións proporcionando beneficios, xa non só para o sistema agroalimentario, senón tamén para os consumidores e a sociedade en xeral. Vantaxes na subministración de alimentos acordes coas exigencias da consumidores, na conservación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do ambiente e na loita contra o cambio climático, na fixación de poboación e xeración de emprego no medio rural e na xeración directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO INVESTIGAN NOVAS FERRAMENTAS PARA DETECTAR A ALGA INVASORA *RUGULOPTERYX OKAMURAE* MEDIANTE ADN AMBIENTAL

- Este novo proxecto de investigación impulsado polo Goberno galego levarase a cabo en colaboración coa Universidade da Coruña, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, e os pósitos de Coruña, Cangas e Baiona.
- A actividade investigadora prolongarase ata o ano 2027 e dispón dun investimento plurianual que supera os 200.000 euros
- O obxectivo é poder avaliar dun xeito rápido e práctico a distribución desta especie e fomentar a concienciación no sector pesqueiro sobre este novo problema para evitar a súa expansión pola costa galega

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación para proporcionar novas ferramentas que permitan avaliar a distribución da especie invasora *Rugulopteryx okamurae* en Galicia de forma rápida e práctica, así como fomentar a concienciación no sector pesqueiro sobre este novo problema, co fin de tentar que a especie non se expanda pola costa da comunidade a curto prazo polo descoñecemento dos riscos inherentes ás actividades pesqueiras.

Este novo proxecto de investigación impulsado polo Goberno galego esta enmarcado na rede de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos autonómicos (Redemar), creada en 2022, en que a Universidade de Santiago de Compostela actúa como socio líder e conta coa colaboración da Universidade da Coruña, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Confraría de Pescadores da Coruña, a Confraría de Pescadores San Xosé de Cangas, e a Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona.

A actividade investigadora, que se prolongará ata o ano 2027, dispón dun investimento plurianual que supera os 200.000 euros e recolle a creación dunha biblioteca de referencia de secuencias de ADN desta especie e doutras evolutivamente próximas, a exploración de cal é o marcador molecular que permite detectar esta alga e que faga posible diferenciarla de especies próximas empregando a técnica de *metabarcoding*. Tamén inclúe a realización de probas para comprobar a sensibilidade desta técnica na detección da *R. Okamurae* en mostras ambientais (auga e sedimentos) analizando a distancia a que a especie invasora pode ser detectada respecto ao foco invadido.

Así, unha vez desenvolvida esta ferramenta, avaliarase a distribución de *Rugulopteryx okamurae* nas costas de Galicia e, nos casos en que se obteñan resultados positivos, avaliarase ademais a súa extensión e abundancia empregando métodos visuais, facilitando a obtención de información detallada da situación desta especie invasora nas nosas costas. Ademais, esta nova ferramenta desenvolvida será transferida aos organismos xestores dos programas de monitorización ambiental da costa da comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este traballo permitirá a preparación dunha cartografía e o establecemento de estacións de monitorización das poboacións de *R. okamurae* actualmente coñecidas e tamén inclúe a realización de charlas informativas para lograr unha maior concienciación no sector pesqueiro e na sociedade sobre a problemática asociada a esta alga, en que se informará sobre precaucións que se poderían aplicar para retardar, ou polo menos non fomentar, a expansión da especie invasora nas costas de Galicia debido ás actividades humanas no medio mariño.

Impulso á investigación

O Goberno galego continúa reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e rendemento no uso dos recursos. Deste xeito, este proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2 M€ A IMPULSAR AS 7 PRIMEIRAS ZONAS DE INUNDACIÓN CONTROLADA DE GALICIA PARA PROTEXER ÁREAS SENSIBLES E REFORZAR A RESPOTA ANTE CHOIVAS INTENSAS

- O Consello dá o visto e praxe a un informe de Augas de Galicia sobre esta medida, unha das principais liñas de traballo do organismo hidráulico en 2025 no marco da súa estratexia para facer fronte aos riscos de inundación na bacía Galicia-Costa
- Primaranse as actuacións na provincia de Pontevedra, xa que concentra tres das cidades galegas con maior risco de sufrir inundacións e outros tres municipios nos que se considera que este tipo de intervencións poden resultar máis efectivas
- Concretamente, os primeiros ríos nos que se propón actuar para garantir unha mellor xestión dos caudais en caso de episodios de chuvia intensa están localizados en Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Bueu, Baiona, Cuntis e Ponteceso
- A outra liña de actuación prioritaria neste eido será o desenvolvemento de corredores verdes fluviais, concibidos para incrementar a resiliencia hídrica fronte ao cambio climático, en liña cos obxectivos da Estratexia galega de infraestrutura verde

A Xunta destinará 2 millóns de euros o próximo ano a redactar os proxectos para impulsar as primeiras zonas de inundación controlada de Galicia para protexer determinadas áreas do territorio particularmente sensibles a este fenómeno e reforzar á vez a súa capacidade de resposta ante eventuais episodios de choivas intensas.

Esta será unha das principais liñas de traballo de Augas de Galicia de cara a 2025 no marco da súa estratexia para facer fronte aos riscos derivados das inundacións no ámbito da bacía Galicia-Costa, unha planificación que inclúe un paquete con diferentes tipos de medidas a executar e o compromiso de mobilizar máis de 35 millóns de euros por parte da Xunta.

Segundo un informe presentado esta mañá ante o Consello pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o organismo hidráulico considera prioritario habilitar zonas de inundación controlada en sete ríos da demarcación que presentan unhas características axeitadas para acoller este tipo de actuación, concibida para protexer as zonas urbanas e as infraestruturas próximas mediante a habilitación de espazos naturais que, en caso necesario, actúen como amortecedores de posibles inundacións.

Neste sentido, primaranse as intervencións na provincia de Pontevedra xa que concentra tres das cidades galegas con maior risco de sufrir os efectos derivados de posibles episodios de chuvia intensa (Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa) así como outros tres municipios (Bueu, Baiona e Cuntis) nos que Augas de Galicia considera que pode ser máis efectivo dispoñer dunha zona de inundación controlada. A sétima área proposta para 2025 estaría no municipio coruñés de Ponteceso.

En concreto, as propostas específicas para a xestión de riscos de inundación do ano que vén inclúen a creación dunha zona de laminación controlada no río Valdecorvos, ao seu paso por Pontevedra. Nesta actuación o Concello xa ten traballado nun proxecto, polo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que, de alcanzarse un acordo coa entidade local, podería ser a primeira en executarse. Nos casos de Vigo e de Vilagarcía os puntos propostos como refuxios inundables fronte a posibles episodios de asolagamento se localizarían en Sárdoma, no Lagares, e no río do Con e no rego de Leiro, respectivamente.

A zona de inundación controlada prevista no caso de Bueu estaría no río Bispo; a proposta para Baiona inclúe a creación dunha área inundable augas abaixo do mercado de Sabarís, na canle do río Groba; e en Cuntis os traballos consistirían na renaturalización da canle fluvial do Gallo e na creación dunha zona de asolagamento controlado na súa marxe dereita. Finalmente, no caso de Ponteceso a área prevista para actuar como aliviadoiro cando se produzan precipitacións intensas estaría localizada na Xunqueira da Ferradura, nun dos regos que discorren polo municipio coruñés.

Cofinanciamento a tres bandas

Para garantir o pulo destas primeiras 7 zonas de inundación controlada —cun investimento global estimado en 20,9 millóns de euros—, Augas de Galicia ten reservados 2 millóns nos orzamentos de 2025.

En todo caso, para ofrecer a mellor resposta no menor tempo posible, o organismo hidráulico propón traballar nas zonas de inundación controlada e, de forma paralela e integrada, seguir avanzando no aproveitamento das zonas verdes en contornas urbanas como barreiras naturais de protección.

Por iso, o próximo ano prevese unha segunda liña de traballo prioritaria neste eido: a creación de corredores fluviais verdes co fin de empregar a vexetación de ribeira para reducir o risco de inundación en zonas sensibles.

Cun orzamento estimado para 2025 en 1 millón de euros, a idea é manter e reforzar a vexetación propia destas áreas, medida que fai que en caso de avenidas as canles se manteñan estables e non leven terra cara ás desembocaduras e ademais, habilitan pulmóns verdes urbanos, un concepto totalmente en liña cos obxectivos da Estratexia galega de infraestrutura verde aprobada no mes de outubro.

Nova planificación 2028-2033

Todas estas medidas veñen marcadas por un traballo de planificación previo, que se revisa e actualiza cada seis anos. Así, o actual Plan de xestión do risco de inundación (PXRI) 2021-2027 de Galicia-Costa identifica 198 áreas con risco potencial significativo de inundación —170 ARPSIS fluviais e 28 costeiras—. Esas zonas repártense en catro grupos, segundo o nivel de risco, e no cuarto inclúense os casos máis graves.

Segundo o PXRI actual hai catalogadas 47 zonas do grupo IV e nelas téñense estudado medidas específicas para reducir o risco de sufrir inundacións. Este plan de xestión é o resultado dun exhaustivo estudo en tres fases, que se teñen que repetir ciclicamente, das zonas máis sensibles a episodios de intensas choivas dentro de Galicia-Costa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A primeira consiste en determinar as áreas do territorio cun risco potencial significativo de inundación, é dicir, nas que se considera máis probable. O segundo paso é a elaboración de mapas de perigosidade e risco nos que se establece o posible alcance deses asolagamentos atendendo a distintos escenarios ao tempo que se fai unha relación dos elementos susceptibles de verse afectados, e na última e definitiva fase elabórase o propio plan, que define as liñas básicas para previr e minimizar os riscos.

Trátase dun traballo continuo e que require dunha constante actualización como demostra o feito de que a Xunta, ao tempo que traballa na execución do PXRI 2021-2027, xa iniciou hai varios meses a tramitación de cara á elaboración do seguinte plan de xestión, que marcará a folla de ruta a seguir neste eido durante o período 2028-2033.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UN PAQUETE DE AXUDAS PARA 2025 POR 5,9 M€ PARA GARANTIR O EQUILIBRIO DA FAUNA SILVESTRE CO SECTOR PRIMARIO E A ORDENACIÓN CINEXÉTICA E PISCÍCOLA

- Explica que se destinará unha partida de 3,05 M€ para “compensar ataques de lobos, xabarís ou osos” e 2,5 M€ para apoiar ao sector na adopción de medidas preventivas
- Salienta que, no caso do lobo, resérvanse 2,06 M€ a tres liñas de axudas para accións de prevención e refórzase nun 50% o orzamento destinado a indemnizar aos afectados
- Tamén se convocarán incentivos para as entidades colaboradoras de pesca continental para vixiar tramos fluviais e promover actividades divulgativas e axudas aos titulares de Tecores para diversas accións en terreos e hábitats cinexéticos
- En total, a Xunta publicará nas vindeiras semanas 13 liñas de incentivos para cubrir actuacións, medidas e gastos que contribúan á conservación da biodiversidade e do patrimonio natural, dotadas dun 34 % máis de orzamento que as deste ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego convocará este mes 8 liñas de axudas, dotadas dun orzamento global de 5,9 millóns de euros para 2025, co fin de “prever e paliar os danos ocasionados pola fauna silvestre para garantir a súa convivencia coas actividades do medio rural, así como para apoiar a ordenación da actividade cinexética e piscícola na comunidade”.

En concreto, o titular do Executivo autonómico indicou que se convocarán 3 ordes de axudas por un importe de 3,05 millóns de euros para “compensar ao sector primario cando sufra ataques de lobos, xabarís ou osos” (cun incremento do 45% respecto ao orzamento deste ano) e outras tres dirixidas a apoiar a gandeiros e agricultores no establecemento de medidas preventivas que protexan as súas explotacións fronte a estes animais, cun orzamento de 2,52 millóns de euros.

A partida máis importante, tal e como explicou Rueda, irá para as axudas de indemnización (911.268 euros) e de prevención (2,06 millóns) dos danos do lobo dirixidas a propietarios de gando vacún, ovino, cabrún, equino e porcino inscritos no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA).

Como novidade, “increméntanse nun 10% os importes destinados a paliar os danos provocados polo lobo con respecto ao baremo de 2024”. Cun 50% máis de orzamento que este ano, as contías oscilarán entre os 41,47 euros a percibir por un exemplar de gando ovino/cabrún adulto e os 2.858,57 euros por unha vaca de raza autóctona de entre dous e seis anos de idade. Estes importes, en todo caso, poderán incrementarse tamén nun 10% no caso daquelas explotacións nas que se teña comprobada a aplicación de medidas preventivas avaliadas de xeito favorable.

De igual xeito, serán subvencionables os gastos veterinarios, de eutanasia e por abortos derivados do acto de depredación e prevese un importe adicional, en concepto de lucro cesante, no caso de gando bovino e ovino-cabrún reprodutor de carne e leite.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, para previr os danos do lobo, “os interesados poderán acollerse a tres liñas de axudas diferentes que suman 2,06 millóns de euros”, indicou o presidente da Xunta: unha para compra e manutención de cans protectores do gando, pastores eléctricos e cerrumes electrificados; outra para cubrir os custos de instalación de valados fixos, electrificados ou con malla metálica; e a terceira, para contratar persoas coidadoras do gando, unha liña que se convocou por primeira vez no ano 2023 e a través da cal os gandeiros poderán acceder a unha subvención de ata 18.000 euros e solicitar un anticipo do 50%.

Xabaril e oso

“No caso do xabaril, reservamos máis de 2,4 M€ en achegas”, salientou Alfonso Rueda. Así, o orzamento das axudas para paliar os danos en explotacións profesionais ou terras de cultivo agrario para autoconsumo ascende a 2,02 millóns de euros, cun máximo de 2.750 euros por subvención, a mesma contía que este ano. Ademais, reservaranse 450.000 euros á convocatoria de incentivos para custear a adquisición de pastores eléctricos fronte a esta especie.

Por último, a Xunta destinará “uns 130.000 euros a compensar os danos ocasionados polo oso”: 120.000 para indemnizar polos destrozos sobre colmeas, gando ou rolos de herba –unha contía que triplica os 38.000 euros inicialmente reservados en 2024 a esta orde de axudas–; e outros 10.000 euros á compra de material preventivo para protexer explotacións apícolas en concellos oseiros.

Por outra banda, as entidades colaboradoras de pesca continental terán acceso a axudas para a protección e conservación do medio fluvial. Dotadas con 50.000 euros, as accións subvencionables poderán ir dirixidas á vixilancia de tramos de pesca (cun límite de 9.360 euros) ou a promover actividades divulgativas e de formación (ata 2.500 euros).

No caso dos titulares de terreos cinexéticos ordenados (Tecores) a convocatoria de 2025 dirixida a este colectivo disporá dun orzamento de 270.000 euros, que se destinará a subvencionar actuacións que melloren os hábitats cinexéticos mediante labores de roza e trituración do mato ou fertilización e sementeira de cereal, entre outras (cun límite de 10.000 euros) e a construción de tobeiras artificiais (con axudas de ata 6.000 euros).

Biodiversidade e patrimonio natural

A Xunta convocará durante as vindeiras semanas un completo paquete de axudas dotado dun orzamento global de case 7,5 millóns de euros co obxectivo común de apoiar ao longo do ano 2025 diferentes tipos de accións que contribúan á conservación da biodiversidade e do patrimonio natural de Galicia.

Agrupadas en tres grandes bloques, serán en total 13 liñas de subvencións coas que se cubrirá unha parte ou o 100%, segundo cada caso, dos custos derivados de actuacións, medidas e investimentos realizados neste eido por parte de administracións locais, asociacións protectoras de animais, entidades de pesca continental, titulares de terreos cinexéticos ou cidadáns particulares e propietarios de explotacións agrogandeiras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático daralle continuidade en 2025 ao esforzo que vén realizando nos últimos anos para apoiar a outras entidades e administracións no seu traballo en materia de conservación da flora e da fauna galegas e incrementará incluso os fondos destinados a tal fin, que crecen un 34% respecto das convocatorias realizadas este ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRIPLICA O ORZAMENTO PARA APOIAR A CONCELLOS E PROTECTORAS NO COIDADO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS E CONVOCARÁ AS AXUDAS ESTE MES POR 1,3 M€

- As achegas irán destinadas a financiar parte dos gastos dirixidos a garantir o coidado, a manutención e o benestar dos exemplares que teñan ao seu cargo
- Por segundo ano consecutivo haberá tamén incentivos económicos de ata 150 € para fomentar entre a cidadanía galega as adopcións de cans e gatos sen fogar
- En total, a Xunta publicará nas vindeiras semanas 13 liñas de incentivos para cubrir actuacións, medidas e gastos que contribúan á conservación da biodiversidade e do patrimonio natural, dotadas dun 34 % máis de orzamento que as deste ano

A Xunta de Galicia convocará este mes dúas liñas de axudas dirixidas a apoiar no seu labor aos concellos que acollan animais ou xestionen colonias felinas e ás entidades legalmente constituídas e inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía. O orzamento para ambas ordes ascende a 1,33 millóns de euros, cifra que case triplica os 450.000 euros das convocatorias deste ano.

Tal e como foi informado esta mañá o Consello, en 2025 daráselle continuidade ao esforzo que vén realizando a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático neste eido durante os últimos nove anos.

Entre os gastos subvencionables no caso dos concellos (cun orzamento reservado de 850.000 euros para o ano que vén) inclúense aqueles relacionados coa esterilización cirúrxica, a identificación mediante microchip, o pasaporte sanitario e a inscrición dos exemplares ao seu cargo no Rexistro galego de identificación de animais de compañía (Regiac), pero tamén os custos derivados da súa alimentación, vacinación preventiva e desparasitación, entre outras medidas profilácticas.

En canto á liña para apoiar ás protectoras titulares ou que xestionen algún centro de recollida autorizado en Galicia (dotada de 480.000 euros), poderán solicitar axudas para cubrir calquera dos gastos antes mencionados e tamén para a compra do material e dos medios que necesiten para garantir a xestión e o manexo dos animais ao seu cargo —por exemplo, remolques de transporte, software específico, dispositivos electrónicos para mellorar a xestión do centro ou equipamento veterinario non consumible, entre outros—.

Así mesmo, todas as entidades protectoras debidamente rexistradas na comunidade tamén terán acceso aos incentivos da Xunta cando realicen campañas de concienciación, promoción da tenza responsable e fomento das adopcións, aínda que non xestionen nin sexan titulares dunha instalación dedicada a este fin.

Ademais, co fin de animar á cidadanía a facerse cargo dun animal abandonado, por segundo ano consecutivo tamén se convocarán incentivos de ata 150 euros dirixidos a particulares que adopten un can ou un gato entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

setembro de 2025 a través dalgún dos centros de recollida autorizados que hai en Galicia. O orzamento inicialmente previsto para esta orde de axudas é de 40.000 euros.

Árbores senlleiras

Por outro lado, o Consello tamén foi informado de que, en materia de protección do patrimonio vexetal galego, a Xunta publicará este mes dúas liñas de subvencións para apoiar a posta en valor e a conservación dos 196 exemplares que forman parte actualmente do Catálogo galego de árbores senlleiras. En concreto, reservaranse 30.000 euros para concellos ou agrupacións locais titulares dalgún destes elementos e outros 60.000 euros para propietarios particulares.

O importe das axudas poderá cubrir ata o 100% dos gastos subvencionables —entre os que se inclúen traballos de poda e control da copa, tratamentos fitosanitarios, retirada de elementos prexudiciais ou accións de divulgación e sinalización— cun límite de 8.000 euros no caso das formacións senlleiras e de 4.500 euros cando se trate dunha árbore.

Biodiversidade e patrimonio natural

A Xunta convocará durante as vindeiras semanas un completo paquete de axudas dotado dun orzamento global de case 7,5 millóns de euros co obxectivo común de apoiar ao longo do ano 2025 diferentes tipos de accións que contribúan á conservación da biodiversidade e do patrimonio natural de Galicia.

Agrupadas en tres grandes bloques, serán en total 13 liñas de subvencións coas que se cubrirá unha parte ou o 100 %, segundo cada caso, dos custos derivados de actuacións, medidas e investimentos realizados neste eido por parte de administracións locais, asociacións protectoras de animais, entidades de pesca continental, titulares de terreos cinexéticos ou cidadáns particulares e propietarios de explotacións agrogandeiras.

Deste xeito a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático daralle continuidade en 2025 ao esforzo que vén realizando nos últimos anos para apoiar a outras entidades e administracións no seu traballo en materia de conservación da flora e da fauna galegas e incrementará incluso os fondos destinados a tal fin, que crecen un 34 % respecto das convocatorias realizadas este ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 3 M€ Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS DIRECTIVOS E EQUIPOS DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- En colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI), establécese unha folla de ruta para promover medidas de apoio que fomenten a mellora da profesionalidade e a adquisición de habilidades e competencias, aspirando a conseguir equipos máis preparados para impulsar cambios e consolidar negocios
- Abordarase por primeira vez un programa de impulso, o Interim Management, para dotar as empresas de capacidade de xestión externa e temporal
- Activaranse actuacións e iniciativas de capacitación e profesionalización no ámbito da sustentabilidade e da adquisición de competencias no eido da internacionalización
- Prevese unha nova edición do programa Capacita Directivos, orientado a mellorar a gobernanza das empresas galegas mediante a capacitación dos seus órganos de goberno e cadros directivos

O Consello da Xunta coñeceu hoxe da próxima posta en marcha dun ambicioso plan de formación e capacitación para empresas galegas que ten previsto desenvolver a Consellería de Economía e Industria a través do Igape (Instituto Galego de Promoción Económica), co obxectivo de reforzar as competencias dos directivos e dos equipos e promover a competitividade no tecido empresarial da comunidade. Cun investimento total de 3 millóns de euros, as iniciativas inclúen programas innovadores e medidas de apoio para afrontar os retos dun mercado globalizado e en constante cambio.

Entre as principais liñas de actuación, destacan as actividades que está previsto desenvolver coa Escola de Organización Industrial (EOI), coa que se asinarán dous convenios de colaboración para a creación de centros de alto rendemento empresarial (CARE), así como tamén para desenvolver accións de formación de *upskilling* ou novas competencias.

No caso dos CARE, trátase de espazos dedicados á mellora da profesionalización e á actualización de coñecementos dos equipos empresariais. O programa caracterízase por constituír un itinerario flexible e combinará obradoiros con sesións grupais e mentores individuais que se axusten ás necesidades específicas dos participantes.

E no que respecta aos programas formativos temáticos de *upskilling*, estes están orientados á adquisición de novas habilidades, particularmente no ámbito da dixitalización, a economía circular e o deseño industrial.

Como novidade, a partir de 2025 implementarase por primeira vez un programa de Interim Management, unha ferramenta innovadora que permitirá ás empresas acceder a servizos de xestión externa e temporal en momentos clave. Esta medida está deseñada para axudar ao tecido empresarial a superar situacións críticas e mellorar a súa eficiencia operativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Complementando estas accións, investirase na capacitación e certificación no ámbito da sustentabilidade e no desenvolvemento de competencias no eido da internacionalización empresarial, cun enfoque cara á economía verde e dixital. Estas iniciativas buscan mellorar a adaptación das empresas galegas ás demandas do mercado global.

Capacita Directivos

Dentro desta estratexia global, a Xunta continuará apostando polo programa Capacita Directivos, que desde o ano 2015 traballa na mellora das bases de gobernanza das empresas galegas. Con máis de 90 actividades realizadas e 19.000 participantes nos últimos anos, o programa é xa un referente na profesionalización do tecido empresarial galego.

Con estas accións, a Xunta reafirma o seu compromiso co fortalecemento das capacidades do tecido empresarial galego. Así, este investimento non só responde ás necesidades actuais das empresas, senón que as prepara para liderar os cambios do futuro, promovendo unha economía máis competitiva, innovadora e sustentable. O obxectivo final é garantir o crecemento sostido das empresas galegas e a súa capacidade para afrontar os desafíos dun mundo globalizado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE IMPULSA AS INICIATIVAS COMUNITARIAS EN ATENCIÓN PRIMARIA CON CASE 100.000 ACTIVIDADES GRUPAIS DESDE 2023

- As actividades comunitarias logran incrementar a actividade física, reducir os factores de risco cardiovascular, previr as caídas nos anciáns e mellorar a saúde mental
- A implicación dos profesionais de atención primaria con este tipo de actividades tamén experimenta un notable crecemento, sendo máis de 1.400 os que realizaron algunha actividade grupal ou comunitaria
- A orientación comunitaria dos servizos sanitarios atende a saúde da comunidade tendo en conta o contexto social das persoas, fronte ao enfoque clásico centrado nas demandas do paciente e o tratamento de síntomas ou enfermidades

O Servizo Galego de Saúde está a impulsar as iniciativas comunitarias en atención primaria coa realización de case 100.000 actividades grupais desde 2023. Nos dous primeiros anos de vixencia da Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria 2023-2027 constátase que o volume de consultas aumentou considerablemente ata acadar as 98.259. Así se desprende dun informe da Consellería de Sanidade sobre o seguimento e avaliación desta iniciativa, que hoxe coñeceu o Consello da Xunta.

Tamén se constata un incremento na implicación dos profesionais de atención primaria con este tipo de actividades, xa que máis de 1.400 realizaron algunha actividade grupal ou comunitaria no período 2023-2024, o que supón máis do dobre que antes de poñer en marcha a Estratexia.

Deste xeito, grazas á Estratexia galega de saúde comunitaria, a Xunta impulsa, fortalece e consolida que profesionais de diferentes centros de saúde leven a cabo proxectos e iniciativas de promoción da saúde en colaboración con outros axentes sociais, normalizando e homoxeneizando o seu desenvolvemento dentro do funcionamento habitual do sistema sanitario.

Con esta iniciativa, a Xunta deixa patente a súa vontade de poñer a atención primaria como eixo vertebrador da asistencia sanitaria, e a cidadanía como protagonista principal arredor da caldeben xirar as políticas sanitarias.

Alta efectividade

O informe avaliado constata que existe evidencia científica nas accións de promoción da saúde para a poboación en xeral en relación coas intervencións comunitarias de problemas de saúde prevalentes, que demostraron unha alta efectividade no aumento da actividade física, na redución dos factores de risco cardiovascular, na prevención de caídas en anciáns, ou na mellora da saúde mental. Ademais, constátanse melloras no autocoidado ou no coñecementos sobre a propia enfermidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos dous anos que leva implantada esta estratexia, o Servizo Galego de Saúde xa realizou todas as accións formuladas a curto prazo e prevé cumprir a totalidade dos obxectivos establecidos ao remate do período de vixencia.

A orientación comunitaria dos servizos sanitarios prioriza a saúde da comunidade considerando tanto as persoas coma o seu contexto social, fronte ao enfoque clásico centrado nas demandas do paciente e no tratamento de síntomas ou enfermidades.

A Estratexia de saúde comunitaria traballa en tres niveis: individual e familiar con atención habitual en consultas e domicilios; grupal, dirixido a colectivos con necesidades ou intereses comúns e desenvolvido nos centros de saúde; e colectivo, que se desenvolve coa cidadanía e outros axentes sociais.

Principais fitos

Entre os principais fitos conseguidos coa implantación desta estratexia, ademais do incremento significativo do número de consultas grupais antes sinalado, destaca a formación dun núcleo coordinador que compoñen as direccións xerais de Planificación e Reforma Sanitaria, a de Asistencia Sanitaria e a de Saúde Pública, que coordina e aproba as actividades que se realizarán nos centros de saúde.

Ademais, creouse un repositorio dixital que permite a todos os profesionais de atención primaria poñer á disposición dos seus compañeiros o material didáctico e de apoio para a realización de actividades comunitarias. Desde a súa creación subíronse un total de 14 documentos sobre temas como alimentación saudable, prediabetes e diabetes tipo 2, alimentación na escola, menopausa e exercicio físico, saúde bucodental, etc. Agora mesmo está en desenvolvemento unha segunda versión deste repositorio, que permitirá subir non só contido documental senón tamén audios e vídeos.

Outro dos logros acadados é o novo sistema de citación para actividades grupais, que permite asignar múltiples pacientes a este tipo de actividades, grazas ao que é posible notificar ao doente a súa cita a través de SergasMóbil, sen ter que poñer distintas horas para cada persoa.

Xunto ao anterior, por primeira vez o departamento sanitario galego incorporou aos acordos de xestión que establece coas sete áreas sanitarias obxectivos de actividade comunitaria impulsando, deste xeito, a prevención e a proactividade.

A Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria 2023-2027 conta cun investimento de 1,4 millóns de euros e recolle dentro das súas liñas de actuación 35 accións englobadas en 13 obxectivos, dos que cinco son a curto prazo (2023), cinco a medio (2024-2025) e tres a longo (2027).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A INTEGRACIÓN DOS PACIENTES DE MUFACE NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INCREMENTARÍA EN CASE 12 DÍAS A ESPERA CIRÚRXICA E EN MÁIS DE 4 A DE CONSULTA CO ESPECIALISTA

- Destaca que incorporar ao 58.000 asegurados de Muface no sistema sanitario público implicaría “un aumento de actividade e a necesidade de incrementar recursos e persoal”
- O conselleiro de Sanidade subliña que suporía un incremento de entre un 2 e un 3% sobre a actividade asistencial actual e un aumento do custo de case 170 M€ ao ano
- Aumentarían as consultas de atención primaria en preto de 540.000, realizaríanse 5.700 cirurxías máis, 23.000 urxencias hospitalarias e un mínimo de 93.000 probas diagnósticas máis ao ano
- Considérase imprescindible unha incorporación progresiva para non prexudicar nin os mutualistas nin colapsar determinados servizos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a integración dos 58.328 mutualistas de Muface existentes na comunidade no Servizo Galego de Saúde suporía “un investimento extra de 170 millóns de euros ao ano e incrementar en case 12 días a espera media para operar e en 4 días o acceso á primeira consulta co especialista”.

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe elaborado pola Consellería de Sanidade en que se recolle o impacto que suporía a integración no sistema sanitario público dos pacientes de Muface. Tal e como indicou o presidente, incorporar a preto de 60.000 novos pacientes “implicaría un aumento da actividade e a necesidade de incrementar recursos e persoal”.

O impacto a nivel económico estimado para o Servizo Galego de Saúde sería de 169,3 millóns de euros ao ano. Tal e como se desprende do informe, o incremento do gasto anual en atención primaria sería de 49,6 millóns de euros, de 67,9 millóns en atención hospitalaria e de 51,8 en gasto farmacéutico.

Ademais, tal e como explicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, a incorporación dos mutualistas ao Servizo Galego de Saúde suporía un incremento “entre un 2 e un 3% da actividade asistencial”. No caso da actividade de atención primaria terá un aumento do 2,2%, tanto en consultas de medicina familiar e comunitaria como de enfermaría, e dun 0,65% en pediatría. Concretamente, a actividade asistencial en atención primaria en preto de 540.000 consultas, entre as 221.706 consultas de enfermaría máis que habería, as 307.248 de medicina de familia, e as 10.694 de pediatría.

Isto implicaría ter que destinar 27 millóns de euros máis á medicina de atención primaria e 22,6 millóns extra a consultas e coidados de enfermaría, tendo en conta, ademais, a escaseza de médicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis cirurxías e urxencias

En canto á atención hospitalaria, en 2023 o Servizo Galego de Saúde realizou 213.612 intervencións cirúrxicas. Asumir os mutualistas de Muface suporía realizar 5.756 máis ao ano, o que implica un incremento na actividade en quirófano do 2,7%.

En consultas externas, o incremento suporía case un 2,1%, que se sumarían ás 5.767.227 consultas realizadas o ano pasado. En canto á hospitalización, habería 6.351 ingresos adicionais cunha estancia media de 7,5 días.

A repercusión económica deste incremento sería de 13,3 millóns de euros en cirurxías, 11,2 millóns en consultas externas e de 25,2 millóns en hospitalizacións.

No referente a probas de diagnóstico realizadas nos hospitais públicos galegos, o transvasamento dos mutualistas ao sistema sanitario público suporía a realización de, como mínimo, 93.027 probas máis.

O aumento previsto en radioloxía convencional sería do 3%, tendo en conta que en 2023 se realizaron máis dun millón e medio de radiografías; en ecografías, o incremento sería dun 2,6%, das 385.010 que se fixeron o ano pasado; en TAC, o incremento previsto é do 2,9%, con respecto aos 328.961 de 2023; e en resonancias magnéticas, tendo en conta as 119.943 radiografías do pasado ano, o incremento de actividade sería do 2,6%. O seu custo sería de 9,8 millóns de euros.

Tendo en conta a idade dos pacientes de Muface, o Servizo Galego de Saúde calcula que a súa incorporación á sanidade pública impactaría na lista de espera cirúrxica en 11,4 días máis con respecto á media actual. No caso da espera para primeiras consultas externas, o incremento polo aumento de poboación atendida sería de 4,3 días máis.

A Consellería de Sanidade tamén realizou unha análise da repercusión que suporía asumir os mutualistas de Muface nas urxencias dos hospitais públicos, calculándose en 23.399 o número de urxencias que se corresponderían a esta poboación. Cómpre ter en conta que en 2023 foron atendidas 1.140.340 urxencias hospitalarias, incluíndo pediatría e adultos. O incremento no gasto en urxencias hospitalarias da sanidade pública que suporía a incorporación dos mutualistas sería de 8,5 millóns de euros.

Preto de 3 M€ ao mes en receitas

No caso de que o Goberno central decidise eliminar os concertos sanitarios para mutualistas de Muface, Galicia tería que destinar 51,8 millóns de euros máis a gasto farmacéutico.

O número de prescricións anuais adicionais que habería que asumir en receitas podería superar o millón de receitas máis cada ano. Tendo en conta que o gasto medio por paciente ao mes é de 72 euros no caso de maiores de 65 anos, o incremento sería de 2,1 millóns de euros mensualmente. No caso de menores de 65, o gasto é de 10,58 euros de media ao mes, polo que o incremento está calculado en 768.000 euros cada mes. Deste

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xeito, o gasto anual en receitas para os novos pacientes procedentes de Muface superaría os 35 millóns de euros.

No que respecta á farmacia hospitalaria, a cifra rolda os 16,7 millóns de incremento.

A Xunta avaliou outros aspectos que se deben ter en conta, como a posible ruptura da continuidade asistencial dos pacientes, xa que tal e como explicou o conselleiro "o sistema sanitario privado non conta cunha historia clínica equiparable ao lanus do Servizo Galego de Saúde". Para evitar esta situación sería necesario incorporar os últimos cinco anos da historia clínica dos pacientes de Muface nos sistemas de información do Sergas.

Do total de mutualistas de Muface que actualmente elixiron un seguro privado, 10.250 persoas teñen máis de 75 anos. A media de idade destes asegurados é de 56,8 anos, mentres que a idade media de mutualistas que xa optaron polo Sergas é de 42,6 anos.

Rueda demandou "información, planificación e coordinación co Ministerio de Sanidade". Nesta liña, o conselleiro salientou a importancia de que a posible incorporación destes mutualistas se realice "de xeito progresivo e escolanado para non colapsar algúns servizos".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE PRETO DE 1,2M€ NA REFORMA INTEGRAL DA XEFATURA COMARCAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE RIBEIRA

- Esta actuación permitiu corrixir o mal estado de conservación en que se atopaban estas instalacións, que tamén albergan a base da unidade operativa do Servizo de Gardacostas nesa localidade
- As obras incluiron a adaptación da edificación, mellorando a súa eficiencia enerxética e garantindo a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida

O Consello da Xunta deu conta do informe en que se recollen as obras de reforma integral da Xefatura Comarcal da Consellería do Mar de Ribeira, e nas que este departamento autonómico investiu preto de 1,2 millóns de euros. Trátase dunha actuación que permitiu corrixir o mal estado de conservación en que atopaban estas instalacións, que tamén albergan a base da unidade operativa do Servizo de Gardacostas nesa localidade.

Deste xeito, acondicionouse un inmovible, que ocupa unha superficie de 667 metros cadrados, que presentaba numerosas deficiencias debido a que, despois de trinta anos en activo, nunca se actuara nel, e fíxoo co fin de dotar os usuarios e os catorce traballadores dunhas instalacións axeitadas, ademais de adaptalo para que sexa eficiente enerxeticamente e accesible ás persoas con mobilidade reducida.

Nesta Xefatura Comarcal prestan servizo, nestes momentos, catorce empregados e empregadas públicos e, na planta baixa do edificio principal, na cal ten as súas dependencias Gardacostas, desempeñan o seu labor outras dez persoas.

As obras ao detalle

As obras consistiron na substitución da carpintaría da porta e das fiestras por outras de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre aislante. A nova cuberta é de panel sándwich de aceiro con illamento de 40 milímetros de espesor.

No porche de acceso ao edificio principal colocouse un peche permitral, integrando ese espazo no interior do edificio, coa finalidade de aproveitalo para a zona de traballo do Servizo de Gardacostas e o resto para a formación de ramplas de acceso. Na pasarela de unión entre as dúas edificacións colocouse un falso teito de láminas metálicas con entramado de soporte oculto e illamento. Previamente, tratáronse as vigas e os forxados para deter o proceso de corrosión e protexelo de cara ao futuro.

Edificio accesible e eficiente

Debido a que o acceso a un dos bloques é a través de escaleiras, instalouse un elevador de dobre embarque, de 630 quilos de carga nominal e con capacidade para oito persoas. Asemade, para solucionar os problemas das dúas ramplas cunha pendente lonxitudinal da entrada principal superior ao 20%, que imposibilita o seu uso por persoas con mobilidade reducida, aproveitouse a parcela de espazo público para facer unha serie de percorridos que permitan o acceso. Os aseos do edificio de atención ao público tamén se acondicionaron para que sexan accesibles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sistema de produción de auga quente realízase a base de paneis solares instalados na cuberta e os sistemas de climatización funcionan por medio de aerotermia con bomba de calor. As luminarias son todas tipo led, eficientes enerxeticamente e de baixo consumo eléctrico. No garaxe tamén se instalou un punto de recarga de vehículo eléctrico.

Os vestiarios de Gardacostas tamén foron acondicionados, creando un espazo máis amplo e funcional.